

**** NOTA DE PRENSA ****

O **Ministerio de Facenda e as Administracións Públicas**, a través da Dirección Xeral do Catastro está tramitando un **procedemento de REGULARIZACIÓN CATASTRAL** dirixido a incorporar ás bases da dita Dirección Xeral todos os bens inmobles e obras (tanto de mellora, rehabilitación ou obra nova, etc.) que, de forma voluntaria os seus titulares non formalizaron a correspondente notificación ao Catastro.

Co fin de colaborar co dito Ministerio, así coma en aras de facilitarlle unha maior información a todos os contribuintes afectados no termo municipal de Ferrol, **este Concello vai habilitar unha oficina de información ao público, situada na rúa EUZKADI núm. 11 baixo, a partir do día 5 de xullo ata o día 5 de agosto (ambos inclusive)**, a cal resolverá todas as dúbidas dos contribuintes relativos aos efectos derivados da regularización que leva a cabo o Ministerio de Facenda.

O horario de atención ao público será o seguinte:

De luns a xoves:

Mañá: 9:00 a 14:00 horas. Tardes: 16:00 a 18:00

Venres: Mañá: 9:00 a 14:00 horas.